CIFP POLITÉCNICO - SANTIAGO DE COMPOSTELA

21 OUTUBRO 2017

Conferencias
Mesa de experiencias
Espectáculos
Xogos tradicionais
Actividades lúdicas
Xantar
Photocall

GUÍA D@ PARTICIPANTE

ENCONTRO 2017 DE PERSOAS COA SÍNDROME DE DOWN E/OU DISCAPACIDADE INTELECTUAL, FAMILIAS E PROFESIONAIS

ORGANIZA

DOWN Galicia — Federación Síndrome de Down

COLABORA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

www.downgalicia.org

INDICE GUÍA D@ PARTICIPANTE

ENCONTRO 2017 DE PERSOAS COA SÍNDROME DE DOWN E/OU DISCAPACIDADE INTELECTUAL, FAMILIAS E PROFESIONAIS

1. **Información xeral e datos de interese** **2**
2. **Programa de actividades para persoas adultas** **4**
3. **Programa de actividades lúdicas** **5**
4. **Folla de inscrición** **6**
5. **Autorización para uso de imaxe (fotografías e vídeos)** **7**
6. **Instrucións para o día do Encontro** **8**

INFORMACIÓN XERAL E DATOS DE INTERESE

DATA: Sábado, 21 de outubro de 2017

HORARIO: 10:00h – 19:00h

LUGAR: C.I.F.P Politécnico de Santiago (Centro Integrado de Formación Profesional).
Avenida Rosalía de Castro, nº 133. 15706 - Santiago de Compostela
Coordenadas Google Maps localización Encontro: 42.871125, -8.555936

Entrada principal ao CIFP Politécnico de Santiago



Mapa indicador acceso C.I.F.P - Politécnico de Santiago

A QUEN VAI DIRIXIDO: Persoas usuarias, familias e profesionais das entidades membro da Federación Down Galicia.

OBXECTIVOS:

1. Proporcionar un espazo de encontro para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, as súas familias e os profesionais das entidades Down.
2. Compartir experiencias e coñecementos relacionados coa síndrome de Down e a discapacidade intelectual.
3. Informar sobre os datos máis salientables do Movemento Down no ano 2016.

INSCRICIÓN INDIVIDUAL: Para inscribirse neste Encontro, cada participante (persoa usuaria, membros da familia ou profesional/voluntari@) deberá:

- Completar a folla de inscrición individual que se atopa ao final desta guía.
- Entregar esta folla, xunto coa autorización de imaxe, na entidade Down á que pertence.

É unha folla de inscrición por cada unha das persoas da unidade familiar ou por cada profesional/voluntari@ que asista ao Encontro.

As inscricións deberán incluír a data e a hora de entrega na entidade Down (a cubrir pola entidade), posto que a comida estará limitada ás 250 primeiras inscricións. Cada participante deberá asegurarse de que, no momento da entrega da ficha de inscrición, a entidade cubre o espazo destinado á data e á hora da entrega e se lle devolve unha copia da mesma.

PRAZO: As inscricións estarán abertas desde o día 1 ata o 15 de setembro de 2017 (ambos incluídos).

Nº MÁXIMO DE PARTICIPANTES: O número de participantes soamente estará limitado no momento da comida, no que terán prioridade as primeiras 250 inscricións.

VALORACIÓN: Ao final da xornada cada familia e cada profesional/voluntari@ asistente ás ponencias/experiencias deberá cumprimentar a enquisa de avaliación que vai incluída na documentación recibida ó inicio do Encontro (unha enquisa por unidade familiar e por profesional/voluntari@).

PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS	
10:00h	**Recepción e benvida** · Photocall · Recepción e distribución por grupos dos/das participantes nas actividades lúdicas atendendo á súa idade.
10:30h	**Inauguración da xornada:** Discurso de benvida a cargo de Delmiro Prieto González, Presidente de Down Galicia, e un representante da Consellería de Política Social.
10:45h	**Ponencia Beatriz Garvía: "A importancia da autonomía e a identidade na vida das persoas con discapacidade".** A psicóloga da Fundación Catalana de Síndrome de Down, Beatriz Garvía, explicará o que significa ser adulto e a importancia que para unha persoa coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual teñen os conceptos de identidade, autonomía e autoestima.
11:45h	**Pausa – Café**
12:15h	**Ponencia Pep Ruf: "O papel da familia no proxecto de vida independente da persoa con discapacidade".** Pep Ruf, responsable do programa de Vida Independente da Fundación Catalana de Síndrome de Down, abordará a relevancia da vida independente e o papel das familias como acompañantes en dito proceso.
13:15h	**Experiencia de vida independente** Andreu Trias Tureta e Eva Casalprim Pina, persoas usuarias da Fundación Catalana da Síndrome de Down, contarán a súa experiencia como parella. Modera: Mercedes Alonso, coordinadora e responsable de familias de Teima Down Ferrol
14:30h	**Comida** Comida *buffet* no Hotel Hesperia Peregrino limitada ás primeiras 250 inscricións
16:45h	**Exposición de experiencias** Tanto familias como persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual poderán participar, de xeito distendido e informal, expoñendo aqueles temas que lles afectan: desexos, obxectivos, preocupacións, experiencias, etc. Modera: membro do Movemento Down
18:45h	**Vídeo conxunto Movemento Down**
19:00h	**Despedida e clausura**

PROGRAMA DE ACTIVIDADES LÚDICAS	
10:00h	**Recepción e benvida** · Photocall · Recepción e distribución por grupos dos/das participantes nas actividades lúdicas atendendo á súa idade.
10:30h	**Actividades e xogos**
12:15h	**Pausa - Merenda**
12:45h	**Espectáculo Clown con Peter Punk** Humor retranqueiro, números participativos, equilibrios con nove paraugas, un impactante circuíto da morte e un evocador final cun arriscado equilibrio son algúns dos fíos dos que está feito *Peor Imposible*, unha proposta *clown* nacida en Galicia e punteira a nivel internacional.
14:30h	**Comida** A organización non se fará cargo dos/das participantes nas actividades lúdicas no horario da comida
16:45h	**Actividades e xogos**
17:45h	**Espectáculo de maxia con Don Gelati** Un brillante día de sol chega á praza da vila un vendedor de xeados co seu carriño e con moitas ganas de sacarlles un sorriso aos veciños e veciñas. Mais o pobre Don Gelati sufrirá todo tipo de imprevistos e infortunios co seu carro, que terá que arranxar con enxeño e con non pouca maxia antes de que os seus xeados se derretan.
19:00h	**Despedida e clausura**

FOLLA DE INSCRICIÓN

ENCONTRO 2017 DE PERSOAS COA SÍNDROME DE DOWN E/OU DISCAPACIDADE INTELECTUAL, FAMILIAS E PROFESIONAIS

Data e hora de presentación na Entidade Down (a cubrir pola entidade):

· **Nome da Entidade Down:** _____

· **Nome e apelidos da persoa participante:** _____

· **Nº D.N.I:** _____ · **Sexo:** ▢ Muller ▢ Home

· **Teléfono:** _____ · **Idade:** _____

· **Correo electrónico:** _____

· **Participa en calidade de:**

▢ Persoa usuaria ▢ Familiar ▢ Profesional ▢ Voluntari@ ▢ Outros

· **Tipo de discapacidade (só no caso das persoas usuarias):**

▢ Síndrome de Down ▢ Discapacidade Intelectual

· **Asiste a:**

▢ Ponencias/Experiencias ▢ Actividades lúdicas

· **Asiste á comida (limitado ás 250 primeiras inscricións):** ▢ Si ▢ Non

· **Dieta especial:** *(Por razóns médicas: celiaquía, diabetes, etc.)*_____

· **Dificultades de mobilidade:** *(Especificar)* _____

· **Observacións:** *(Especificar)* _____

Asdo. Persoa participante Asdo. Titor/a da persoa participante *(se procede)*

En _____, a ___ de _____ de 2017

"De acordo co establecido na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal 15/1999, de 13 de decembro (BOE de 14 de decembro) notifícaselle que os seus datos persoais quedan incorporados aos ficheiros da **Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia)**, denominados "ASOCIADOS" e "USUARIOS" rexistrados na AEPD, e soamente se usarán, segundo proceda, para prestarlle o servizo solicitado, comunicarse con Vd., enviarlle información e realizar as xestións pertinentes. Pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos mesmos, mediante escrito dirixido ao responsable do ficheiro da **Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia)** acompañado de DNI, que nos pode remitir a: **FEDERACIÓN DOWN GALICIA:** Fax Nº 981534546, vía correo electrónico ao enderezo downgalicia@downgalicia.org ou por correo postal a R/ Alejandro Novo González,1, 15706 Santiago de Compostela (A Coruña)".

AUTORIZACIÓN PARA USO DE IMAXE (FOTOGRAFÍAS E VÍDEOS)

Coa inclusión das novas tecnoloxías nos medios didácticos e de difusión que están ao alcance da nosa entidade, e a posibilidade de que en estes poidan aparecer imaxes dos usuarios e usuarias das nosas entidades, as súas familias e os/as profesionais das Entidades Down durante a realización das distintas actividades e, dado que o dereito á propia imaxe está recoñecido no **artigo 18 da Constitución** e regulado pola **Lei 1/1982, do 5 de maio**, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e na **Lei 15/1999, de 13 de Decembro**, sobre a Protección de Datos de Carácter Persoal.

A Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) pide o consentimento á propia persoa interesada para poder publicar as imaxes nas cales aparezan individualmente ou en grupo que con carácter pedagóxico ou divulgativo se poidan realizar ao mesmo, nas diferentes secuencias e actividades realizadas durante o **Encontro 2017 de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, familias e profesionais**, ou as que nos faciliten as persoas interesadas, sempre que estas imaxes se consideren oportunas e necesarias, se utilicen para conseguir os fins e obxectivos que estas entidades perseguen e non implique menoscabo da súa honra ou reputación.

D./Dona .....con DNI ..... como ☐ titor/a legal de D./Dona ....., ou como ☐ propia persoa interesada autorizo á **Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia)** a un **uso pedagóxico e divulgativo** da miña imaxe en fotografías e gravacións publicadas en páxinas web e redes sociais da entidade mencionada anteriormente, medios de comunicación, publicacións, material didáctico e divulgativo e memorias de actividades e proxectos.

EXTENSIÓN DA AUTORIZACIÓN:

1. NON EXCLUSIVA DAS ENTIDADES AUTORIZADAS: as entidades autorizadas poderán efectuar a cesión das imaxes a outras entidades ou persoas, sempre que se considere oportuno e necesario e se utilicen para conseguir os fins e obxectivos que estas entidades perseguen e non implique menoscabo da súa honra ou reputación.
2. EXTENSIÓN TEMPORAL: A MÁXIMA PERMITIDA LEGALMENTE; non obstante, esta autorización poderá ser revocada pola persoa interesada tras envío de solicitude.
3. CUSTE DA CESIÓN-AUTORIZACIÓN DE USO: gratuíta.

Asdo. Persoa participante

Asdo. Titor/a da persoa participante
(se procede)

En _____, a ___ de _____ de 2017

"De acordo co establecido na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal 15/1999, de 13 de decembro (BOE de 14 de decembro) notifícaselle que os seus datos persoais quedan incorporados aos ficheiros da **Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia)**, denominados "ASOCIADOS" e "USUARIOS" rexistrados na AEPD, e soamente se usarán, segundo proceda, para prestarlle o servizo solicitado, comunicarse con Vd., enviarlle información e realizar as xestións pertinentes. Pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos mesmos, mediante escrito dirixido ao responsable do ficheiro da **Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia)** acompañado de DNI, que nos pode remitir a: **FEDERACIÓN DOWN GALICIA:** Fax Nº 981534546, vía correo electrónico ao enderezo downgalicia@downgalicia.org ou por correo postal a R/ Alejandro Novo González,1, 15706 Santiago de Compostela (A Coruña)".

INSTRUCIÓNS PARA O DÍA DO ENCONTRO
Debes saber que...

As persoas da organización están para axudarche. Poderás recoñecelas pola súa acreditación “ORGANIZACIÓN”.

Para calquera cuestión, poderás dirixirte a calquera persoa da “ORGANIZACIÓN” ou ben, en caso de urxencia e no caso de non atopar a ningunha persoa da organización, chamar ó teléfono 608234370 (que atenderá un/unha profesional da organización e que solo recibe chamadas, NON recibe mensaxes de Whatsapp).

Haberá unha zona habilitada dentro do recinto para aparcamento de vehículos turismos (50 prazas aproximadamente), pero non para autobuses.

Estará prohibido fumar en todo o recinto do centro (tanto en zonas interiores como exteriores).

A recepción-inscrición e benvida terá lugar no *Hall*-Vestíbulo principal do CIFP Politécnico de Santiago. Haberá mesas de inscrición por entidade Down local ás que as familias e os/as profesionais/voluntari@s asistentes ás ponencias/experiencias deberán dirixirse para:

- **Recollida de material**. Na documentación entregada, atopará unha enquisa de avaliación. Cada familia (unidade familiar) e cada profesional/voluntari@ asistente ás ponencias/experiencias deberá cubrila ao finalizar o Encontro e deixala, unha vez cuberta, na mesa situada á saída do salón de actos. De cara a mellorar o funcionamento e a organización de futuros encontros, agradecemos que se cumprimente.

- **Realización da inscrición dos/das participantes nas actividades lúdicas por tramos de idade:** os/as participantes serán identificados con tarxetas nas que figurará o seu nome, o grupo no que estará e as intolerancias alimentarias (de ser o caso) de cara á merenda das 12:15h.
  No momento da inscrición, indicaráselle ós pais/nais/titores as aulas de referencia nas que terán que deixar e recoller ós rapaces e rapazas, onde os recibirá o persoal de actividades (monitor/a, profesionais e persoa/s voluntaria/s) responsables de referencia do grupo no que estea o participante.
  VER APARTADO SEGUINTE “ACTIVIDADES LÚDICAS”

O espazo de recepción-inscrición será o **PUNTO DE INFORMACIÓN** ó que poderás dirixirte se desexas contactar coa organización.

ACTIVIDADES LÚDICAS

As actividades estarán organizadas por grupos, atendendo á idade dos/das participantes, e dinamizadas por persoal cualificado e persoas voluntarias que estarán identificadas con unha acreditación “PERSOAL ACTIVIDADES”.

Cada grupo terá asignada unha cor distintiva. Tanto os participantes coma o persoal das actividades terán nas súas tarxetas e/ou pegatinas un *gomet* da cor do seu grupo

correspondente. Deste xeito, os rapaces e rapazas poderán identificar con maior facilidade ós seus monitores/as e persoal das actividades.

No *Hall*-Vestíbulo principal do centro, estarán dispoñibles uns paneis informativos coa distribución dos participantes por grupos de actividades, a cor distintiva de cada un dos grupos e a aula de referencia para a realización das actividades. Ademais, nestes paneis informativos tamén figurarán os datos da persoa da organización e do/da monitor/a da actividade lúdica responsables do grupo.

A entrega dos/das participantes nas actividades lúdicas a primeira hora da mañá (durante a recepción e benvida) e ás 16:45h, para dar comezo ás actividades da tarde, terá lugar nas aulas de referencia de cada un dos grupos, onde haberá persoal de actividades e da organización. Tamén será alí a recollida dos/das participantes ás 14:15h e ás 19:00h.

IMPORTANTE: Dado o volume de participantes e a modalidade de comida tipo "buffet", a atención de todos os rapaces e rapazas que participan nas actividades lúdicas será responsabilidade dos pais/nais/titores e/ou familiares entre as 14:15h (fin de actividades da mañá) e as 16:45h (inicio actividades tarde). Non se contempla a atención por parte de persoal da organización nin do persoal dinamizador das actividades.

Os/As participantes nas actividades lúdicas deberán traer, preferiblemente, roupa e calzado deportivo e que sexa axeitada para poder saír ó exterior (se a climatoloxía o permitise).

De 12:15h a 12:45h todos os/as participantes nas actividades lúdicas terán acceso á cafetería do centro, onde se lles ofrecerá un refrixerio (refrescos, auga, leite, galletas,…). Estarán acompañados dos voluntarios/as e monitores/as que xestionan as actividades.

Os/As participantes nas actividades lúdicas que o precisen, deberán traer unha bolsa perfectamente identificada que conteña todo o necesario en cada caso para pasar o día (por exemplo: cueiros, cremas, muda de reposto, biberón, auga, comida -sempre e cando non poidan comer a comida contratada no Hotel Peregrino-, merenda,...).

Non se subministrarán medicacións nin cremas solares (no caso de boas condicións meteorolóxicas), sendo responsabilidade das familias/titores.

É importante que durante o encontro teñades operativos os teléfonos que facilitedes na ficha de inscrición, xa que será ó que se chame dende a organización no caso de que sexa necesario contactar cos pais/nais/titores durante o tempo das actividades lúdicas.

Se desexas trasladarnos algunha dúbida ou suxestión sobre o Encontro, envía un correo electrónico a downgalicia@downgalicia.org